

**INSTRUCCIÓN I/2018 DA VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN
POLO QUE SE ESTABLECEN AS PAUTAS E CRITERIOS PARA A XESTIÓN DAS
CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE CONTRATACIÓN DO PERSOAL ASOCIADO A
ACTIVIDADES DE I+D**

En febreiro de 2017 a USC foi recoñecida pola Comisión Europea, a través de EURAXESS-Research in Motion, coa acreditación "HR Excellence in Research". Esta acreditación identifica as institucións e organismos que ofrecen e apoian a xeración dunhas condicións de traballo favorables e un ambiente motivador para o persoal investigador. Este selo de calidade reflicte o compromiso da USC para mellorar de xeito continuado a Estratexia de Recursos Humanos (HRS) aliñada cos principios da Carta Europea do Persoal Investigador e o Código de Conduta para a Contratación do Persoal Investigador (Carta & Código). Entre outras cuestións, o Plan de Acción deseñado pola USC para implantar os criterios do selo HRS4R establece a esixencia de avanzar na simplificación dos procesos de contratación, así como promover a difusión internacional das convocatorias de contratación de investigadores.

Por outra parte, no obxectivo de continuar avanzando na implantación da administración electrónica estanse desenvolvendo os protocolos necesarios para xestionar as convocatorias públicas de contratación de persoal con cargo a actividades de I+D a través da Sede Electrónica. En consecuencia, as convocatorias terán que tramitalas a través da sede electrónica xa nos primeiros meses do ano 2018, e para os efectos de facilitar este procedemento, entre outras medidas, simplificarase a xestión documental permitindo aos candidatos a presentación de méritos e requisitos mediante curriculum vitae.

Complementariamente, e atendendo a experiencia precedente e a evolución das incidencias en convocatorias anteriores, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación estima necesario realizar algúns axustes relativos ao proceso de valoración curricular dos candidatos así como nos criterios de avaliación que establecen as convocatorias. Entre outras cuestións, os perfís de especialización demandados polas actividades de I+D presentan cada vez mais orientacións interdisciplinarias ou transversais dificilmente asimilables a titulacións singulares, así como os currículos dos novos titulados ou dos investigadores mozos que presentan perfís abertos e moi evolucionados desde a adquisición do grao. Estas circunstancias apuntan á conveniencia de xeneralizar o requisito da titulación.

Atendendo a todo o anterior, e de cara a ordenar o desenvolvemento de futuras Convocatorias infórmase:

1. As Convocatorias Públicas de Contratación de Persoal con cargo a Actividades de I+D terán periodicidade mensual e, con carácter xeral, publicarase unha única convocatoria. O calendario farao público o *Servicio de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D* a principios de ano. Os IPs deberán presentar as ofertas correspondentes nos prazos indicados no referido calendario.
2. As resolucións das convocatorias serán unificadas. Non obstante, en función do elevado número de prazas convocadas, así como a singularidade das mesmas e dos procesos e prazos de selección asociados ás convocatorias poderán ser resoltas parcialmente, axilizando con isto os prazos de contratación cando sexa necesario.
3. As propostas de convocatorias públicas deberán vir redactadas en galego de acordo ao formulario correspondente. Non obstante, e atendendo ao Plan de Acción USC Human Resources Strategy for Researchers (HRS4R), e co obxecto de permitir a súa difusión en fontes de información de alcance internacional, as prazas correspondentes á **categoría de investigador/a asociado/a con duración de 1 ano** ou superior ou a contratos asociados a proxectos europeos deberán vir redactadas nos idiomas Galego, Español e Inglés. En calquera caso, habilitarase un procedemento que permitirá o acceso aos formularios de proposta nos tres idiomas de xeito que o/a/s IP/s que o estimen conveniente poidan publicitar a súa oferta multilingüe .
4. As Convocatorias serán xestionadas a través da sede electrónica da USC, permitindo o acceso e participación desde calquera localización e coa opción de facelo tamén en inglés. Os candidatos unicamente deberán presentar o seu currículo e asinar o correspondente compromiso de veracidade. Facilitarase tanto aos/as IPs como á Comisión de Selección copia electrónica desta documentación para a súa valoración. Non obstante, de considerarse necesario, poderá requirirse aos candidatos a presentación dos documentos xustificativos dos méritos e requisitos alegados en calquera momento.
5. En canto á definición da praza ofertada e aos criterios de avaliación deberase tomar en consideración o seguinte:
 - i. A descrición do traballo a realizar debe ser concreta, establecendo a singularidade da obra e a relación coa actividade/proxecto ao que se vincula. Deberá fuxirse de

redaccións xerais tales como *tarefas de investigación, tarefas previstas en, tarefas de apoio ao grupo de investigación, etc.*

- ii. Cando a categoría a contratar sexa a de *Investigador/a en formación*, o traballo a realizar debe estar directamente relacionado co desenvolvemento dunha tese de doutoramento. De non ser así, deberá acudir ás categorías de Técnico. Ademais cando o investigador contratado acade o grao de doutor, no prazo dun mes, contado dende a lectura da tese de doutoramento, o Investigador Principal deberá proceder ao seu cese, podendo, de ser necesario para a continuidade da actividade, ser contratado posteriormente noutra das categorías vixentes.
- iii. No apartado de **titulacións requiridas**, estas deberán ser xenéricas (Doutor, Licenciado/Graduado, Enxeñeiro, Arquitecto, FPII/Ciclo de grao superior, bacharelato, etc.), agás que as funcións a desempeñar esixan unha titulación habilitante ou específica.
- iv. Segundo o establecido na Orde ECC/566/2015, de 20 de marzo, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais empregados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, cando o traballo a realizar comprenda, en todo ou en parte, o uso e/ou manexo de animais, deberase establecer en requisitos, ademais da titulación, a obrigatoriedade de estar en posesión da capacitación que corresponda, segundo a función/s involucrada/s no proxecto ou actividade en referencia ao uso de animais.
- v. En canto aos **méritos**, o informe de valoración realizarase sobre 100 puntos. Nas futuras propostas de convocatorias recoméndase a inclusión dos seguintes méritos:
 - a) **MÉRITOS XERAIS**. Deberán representar entre o 30% e o 40% da puntuación total, e recoller aspectos como :
 - Formación académica (como pode ser estar en posesión dunha/s determinada/s titulación/s ou ser doutor nun determinado ámbito)
 - Experiencia profesional en universidades, organismos públicos ou empresas privadas.
 - Coñecementos de linguas estranxeiras (deberá indicar o nivel de acreditación).

- Coñecementos da lingua galega, etc.

b) **MÉRITOS ESPECÍFICOS:** Deberán representar un mínimo 60% da puntuación total, e recoller aspecto como:

- Formación específica relacionada co obxectivo e funcións do posto.
- Experiencia acreditable relacionada co traballo a desenvolver (deberá concretar en que se ten que ter a experiencia)
- Entrevista persoal (opcional): No caso de que como mérito específico se propoña unha entrevista persoal, a puntuación que se lle outorgue non poderá ser superior a 25 puntos. Este epígrafe quedará redactado do seguinte xeito:

A entrevista realizarase unicamente a/os (3, 5...todos) candidato/a/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.

Aínda estando prevista a entrevista persoal, esta poderá non realizarse cando exista un/unha único/a candidato/a e o investigador propoñente da praza non a considere relevante para a elaboración do seu informe. Este feito deberá motivarse no informe de valoración.

- vi. Cando sexa posible, recoméndase deixar unha lista de agarda, o que evitará a obrigatoriedade de realizar unha nova convocatoria pública no caso de que o/a candidato/a seleccionado/a en primeiro lugar non asine o contrato ou renuncie antes do previsto.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

32624207H MARIA
ISABEL RODRIGUEZ
MOLDES (R:
Q1518001A)

Firmado digitalmente por 32624207H MARIA ISABEL
RODRIGUEZ MOLDES (R: Q1518001A)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13--Ref:AEAT/
AEAT0145/PUESTO 1/53042/20072017125315,
serialNumber=DCE5-32624207H, givenName=MARIA
ISABEL, sn=RODRIGUEZ MOLDES REY, cn=32624207H
MARIA ISABEL RODRIGUEZ MOLDES (R: Q1518001A),
2.5.4.97=#VATES-Q1518001A, o=UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA, c=ES
Fecha: 2018.02.16 12:04:33 +01'00'

Vicerreitoría de Investigación e Innovación